



Concello de Baleira

ANGEL ENRIQUE MARTINEZ-PUGA LOPEZ (1 de 1)
ALCALDE
Firma: 16/11/2017
HASH: ed9e6ee78dd40a12230cda2d6a2538f

ANGEL ENRIQUE MARTINEZ-PUGA LÓPEZ Alcalde-Presidente do Concello de Baleira (Lugo)

FAI SABER

Que debido á escasez de choivas rexistradas nos últimos meses, e pese a que ainda con retraso, xa foron chegando as primeiras precipitacións do outono, éstas non foron suficientes para cubrir o déficit hídrico que estabamos a vivir, os cauces de ríos e fontes estanse a ver afectadas considerablemente, baixando o seu caudal a niveis inferiores do normal para a época do ano, polo que, dende esta Alcaldía recoméndase a toda a poboación de Baleira e usuarios que se adopten as seguintes medidas, motivadas pola situación de alerta decretadas tanto na conca do Miño como na do Eo.

1.- Deberase de ter en conta o aforro no uso de auga dos abastecementos, tendo en conta os destinos prioritarios, deixando de lado o rego de xardíns, lavado de coches e baldeo de rúas e camiños.

2.- De continuar a situación de escasez reducirse a presión nocturna en redes urbanas como é o caso do abastecemento do Cádavo.

3.- Reforzaránse os controis de auga captada para o abastecemento, que pode ver mermada a súa calidade como consecuencia dos caudais existentes.

Estas medidas redundarán na maior seguridade do sistema de abastecemento ó tempo que axudarán a manter as condicións mínimas do ecosistema fluvial. En todo caso, se a situación persiste, podería considerarse a necesidade de aplicar restriccións temporais de auga.

Agradecendo a colaboración de tódolos veciños.

Ç

O Alcalde

Asdo. Angel Enrique Martinez-Puga López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Baleira

Avda. Dr. Escobar s/n, O Cádavo, Baleira. 27130 Lugo. Tfno. 982354059. Fax: 982354039



Código Validación: 44ZGR7H5PHYORGIGKEMX44JD | Verificación: <http://concellobaleira.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPúblico Gestiona | Página 1 de 1